

Aposta pola acción solidaria

EROSKI E OS SEUS CLIENTES DOAN PRETO DE 9.000 TONELADAS DE ALIMENTOS PARA FAMILIAS NECESITADAS

- **Preto de 6.000 toneladas corresponden a alimentos doados por EROSKI dentro do programa "Desperdicio Cero" que garante que nas tendas EROSKI non se desbota ningún alimento apto para o consumo senón que se lles doa a organizacións sociais**
- **As campañas de recollida solidaria de alimentos desenvolvidas no 2015 a prol dos Bancos de Alimentos conseguiron recadar máis de 3.000 toneladas**

Elorrio, 19 de abril do 2016.- [EROSKI](#) e mais os seus clientes doaron preto de 9.000 toneladas de alimentos destinados aos colectivos máis desfavorecidos durante o ano 2015. Desta doazón, preto de 6.000 toneladas doounas EROSKI dentro do programa "Desperdicio Cero" que garante que nas tendas EROSKI non se desbota ningún alimento apto para o consumo, senón que se lles doa a organizacións sociais do contorno próximo de cada tenda.

"En EROSKI desenvolvemos desde hai 20 anos políticas para xestionar os alimentos de xeito responsable en colaboración con diferentes organizacións sociais. Ademais, fomos pioneiros dentro do noso sector en España nas doazóns regulares de frescos e mais en alcanzar o desperdicio cero en toda a nosa rede de supermercados e hipermercados", sinala o director de Responsabilidade Social de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Colaboración cun cento de organizacións socialmente responsables

Para desenvolver o programa Desperdicio Cero, EROSKI colaborou no 2015 cun cento de organizacións socialmente responsables españolas. A cooperativa desenvolveu un protocolo de actuación que vela escrupulosamente pola seguridade alimentaria dos produtos doados. No caso dos alimentos frescos garante o mantemento adecuado da cadea de frío tamén na entidade receptora da doazón, que debe asegurar que cumpre coas mesmas garantías no seu transporte e instalacións.

Os alimentos doados son produtos frescos e de alimentación que EROSKI retira dos seus estantes para cumprir o seu compromiso de frescura máxima cos seus clientes, ou simplemente porque o seu envase presenta unha pequena deficiencia

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



como pode ser un simple golpe ou rotura de embalaxe que impide a súa venda. Todos os alimentos doados por EROSKI están sempre dentro da data de caducidade ou de consumo preferente e en perfecto estado para o seu consumo.

20 anos de colaboración cos Bancos de Alimentos

Ás 6.000 toneladas de alimentos doadas a través do programa Desperdicio Cero súmanselle máis de 3.000 toneladas recadadas a través de sucesivas campañas de recollida celebradas no 2015 nos establecementos EROSKI, Vegalsa e Caprabo a prol de Bancos de Alimentos. *"Dende EROSKI, como é habitual, quixémonos unir a este compromiso e sumar unha doazón adicional sobre o total de quilos doados polos consumidores. A nosa colaboración cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores. Así naceron hai xa 20 anos as campañas de recollida de alimentos nas tendas EROSKI"*, detallou Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)